

XIII Coloquio de Historia de La Educación

Organizado pola Universidade do País Vasco, no ámbito dos seus cursos de vran e en colaboración coa SEDHE, veu de celebrarse, entre os días 28 de xuño e 1 de xullo de 2005, en San Sebastián, o XIII coloquio de Historia da Educación arredor de temática da historia da Educación Infantil. O Coloquio desenvolveuse entornado a sete mesas de traballo nas que se encadraron máis de 150 comunicacións recollidas en dous volumes¹

A organización e coordinación do devandito XIII Coloquio estivo a cargo dos profesores Paulí Dávila e Luis Naya Garmendia. Alí déronse cita máis de 200 congresistas o que pon de relevo a riqueza e diversidade das análises que o mundo da educación infantil fai posible desde ámbitos tan distintos e distantes como son a escola, o xogo, a familia, a rúa, a medicina, o infortunio, etc. Todos eles analizados, con ópticas moi diversas, desde múltiples micro-relatos históricos de procedencia plurinacional que foron presentados ó longo dos tres días que durou o Coloquio.

Desde Galicia achegaron as súas contribucións os profesores Porto Ucha, Otero Urtaza, Peña Saavedra, Antas Ramos, Costa Rico, González Paz, Cotelo Guerra, Rivas Barrós, Iglesias Galdo e Iglesias Salvado. A escola Fröebel de Pontevedra, a infancia no museísmo, a educación militarista, a educación ximnástica, o papel xogado por Ramón de la Sagra, os inicios de rede escolar pública na Coruña e a responsabilidade penal da infancia no século XIX, foron obxecto de comunicación científica neste coloquio desde Galicia.

No decurso do congreso, como cada catro anos, procedeuse á elección da nova

xunta directiva da SEDHE. A profesora da universidade de Sevilla M^a Nieves Gómez García foi eleixida presidenta para este periodo. Periodo no que compartirá o seu mandato cunha Xunta Directiva para a que foron eleixidos Alejandro Mayordomo Pérez, M^a del Mar del Pozo Andrés, Josep González Agápito, Antón Costa Rico, Pedro Luis Moreno Martínez e Felicidad Sánchez Pascua. Desde estas páxinas felicitamos a presidenta e ós novos membros da Xunta e facemos votos para que o seu labor sexa fecunda para o conxunto da SEDHE e para ben da Historia da Educación. Noraboa.

¹ P. DAVILA; L.M. NAYA (Coods), *La infancia en la historia: espacios y representaciones*. Donostia, Erein, 2005, 2 vols

Notas de lectura

SAURIN DE LA IGLESIA, M^a R., *Antonio, Francisco y Benigno de la Iglesia. Una biografía intelectual*, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento/CSIC, Santiago, 2003.

M^a Rosa Saurín é coñecida dos especialistas e lectores galegos polo seu coñecemento do clima cultural galego durante as primeiras décadas do século XIX, xusto cando o liberalismo está a introducir un aire renovado na nosa sociedade.

Na presente ocasión fai memoria dunha parte da súa propia familia, presentándonos a biografía intelectual dos irmáns De la Iglesia, dous deles, como sabemos moi vencellados ao ensino e mesmo ás tarefas aurais de rexurdimento da cultura galega. Memoria para devolverlles o lugar significativo que lles corresponde, asentados nun difícil diálogo entre rexionalismo galego e patriotismo español. *La Aurora de Galicia* e sobre todo *Galicia. Revista*

Universal de este Reino deixan hoxe o seu amor a Galicia e os seus desvelos culturais. Procuraban a configuración dun espazo cultural galego, ao tempo que se abría unha certa posibilidade de escolarización universal, da man da política liberal na que eles acreditaban. Non sabemos dos irmáns De la Iglesia tanto como agora sabemos.

FRANCO GRANDE, X. L., *Os anos escuros. A resistencia cultural dunha xeración*, Galaxia, Vigo, 2004, 2ª ed. revisada.

O testemuño persoal e o esforzo por construír unha memoria colectiva do grupo de universitarios composteláns que máis aló de mediados dos anos cincuenta do século XX comezaron a construír un discurso europeísta e galeguísta, no contexto do marco político autoritario, tradicional e españolista do franquismo.

Crónica, reportaxe e diario para un libro comunal, no que se dan cita Bernardino Graña, Gustavo do Campo, Ferrín, Mourullo, Xosé M. Beiras, Ramón Luguís, Gustavo Balboa, Manuel Vidán, Xohana Torres, López Nogueira, López Veiga, Fernando Pérez-Barreiro, Teresa Barro... e ao fondo Borobó con *La Noche*, Ramón Piñeiro, Illa Couto, Carlos Maside e Del Riego, entre outros. Unha fermosa páxina da nosa historia da educación e da cultura.

IGREXIAS, M., *Xesús Golmar*, E. Fervenza, A Estrada, 2005, 68 páxinas.

A vida dun mestre rural, que se fai militante galeguísta e republicano, que é separado do ensino en 1936, tendo que converterse en labrego e que morre en 1962. A historia dun neno e mozo que se vai incorporando nos saberes do oficio de mestre e de cidadán crítico, todo contado con facer histórico, con capacidade narrativa e mesmo con apoio gráfico adecuado.

Un fermoso exemplo, para outras posibles monografías de vidas de mestres.

RIVAS GARCIA et alii, *Diccionario galego de filosofía*, TresCTres, Sta. Comba (A Coruña), 2004.

Un Diccionario de Filosofía, se é bó, é moi útil para os traballos e para a comprensión da historia da educación. É o que podemos dicir deste. Ademais é galego; está en galego, e por iso contribúe á normalización cultural. Mesmo se fan referencias a 25 autores de Galicia (xa mortos), aínda que non sempre de modo suficientemente acertado. Aínda así faltan case unha ducia de nomes notables. É unha mágoa que non se faga ningunha referencia a todos os que actualmente en Galicia fan achegas ao pensamento filosófico, e sería de desexar unha bibliografía. Dito isto, é un Diccionario para apreciar e usar.

MENENDEZ LORENZO, Aida, *La formación profesional en Monforte de Lemos (1900-1970)*, Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, 2004.

Interesantísima é esta monografía encadrable no contexto dos estudos de historia local (da educación). Baixo a centralidade do estudo da xénese e do desenvolvemento das diversas modalidades de formación profesional institucionalizada, a autora do presente estudo, Aida Menéndez, fai unha rica e ben constituída achega á historia educativa xeral de Monforte, desde as últimas décadas do século XX até a altura de 1970. Reconstrúe contextualizadamente unha historia escolar que nos permite intuír como puido ter acontecido ese desenvolvemento educativo noutras vilas e cidades medias, que viviron igualmente algún impulso industrial ao longo dos dous primeiros tercios do século XX

O que foi a tesíña de Licenciatura en Ciencias da Educación, baixo guía cultivada da profesora Carmen Benso, é agora un cuidado libro, particularmente gozoso para os monfortinos. Para todos, móstranos unha historia ben interesante: a dunha cidade, que media como cabeza ferroviaria, que partía dunha historia cultural e educativa avivecida arredor das casas nobiliarias, dos xesuítas e dos escolapios, e onde se despertan considerables demandas de formación –unha vez máis, economía e formación-, que van mobilizando actuacións institucionais e sociais a prol da creación de centros educativos; actuacións que ás veces non pasan dos proxectos, como o intento de creación da Escola de Artes e Oficios en 1910, pero que noutras ocasións logran os seus obxectivos.

Despois de presentarnos os antecedentes e o marco legislativo da formación profesional en España, atendendo, en particular, ao Estatuto de 1928 do Ministerio de Traballo e Previsión que prevía a creación das Escolas de Traballo, as de Artesanía e as Industriais, Aida Menéndez móstranos con riqueza de datos documentais e mesmo gráficos a vida da cidade monfortina, entre o traballo, a industria, o tren e a formación. Un apropiado contexto, para de seguido abordar o percorrido institucional da Escola Elemental de Traballo (1944-1955), logo transformada en Escola de Aprendizaxe Industrial (1955-68) e finalmente en Escola de Mestría Industrial (desde 1968). No mesmo contexto analízase así mesmo o que foi a Escola de Aprendices de Renfe (1952-1958), mostrándonos en cada caso todos os elementos históricos pertinentes a un estudo institucional.

Nun campo de estudo da historia da educación aínda limitadamente recoñeci-

do, esta contribución que comentamos é pois moi oportuna e acaída.

VAZQUEZ VILANOVA, J. A., *Clero y sociedad en la Compostela del siglo XIX*, Instituto de Estudios Galegos P. Sarmiento, Santiago, 2004.

Pouco a pouco vaise facendo luz entre a formación e os roles culturais da clerecía en Galicia, abandonando por iso os lugares comúns que nada aportan ao coñecemento histórico. Cada vez coñecemos un chisco mellor a vida dos seminarios galegos e o nivel intelectual do seu profesorado. Aos traballos de Couselo Bouzas, Carlos García Cortés, Xosé R. Barreiro Fernández e Manuel Rodríguez Martínez, moi ligados ao caso compostelano, hai que unirllas agora os de Hernández Figueiredo para Ourense e diversas achegas, aparecidas en *Estudios Mindonienses*.

Agora é oportuno falar desta interesante monografía de investigación que Vázquez Vilanova nos ofrece, analizando, en particular, a cultura do clero compostelano do século XIX.

En efecto, a obra estuda sobre todo o que foi a formación e as inquietudes culturais do clero compostelano, ao que se adican case 100 páxinas; este primeiro capítulo abrirá a porta a un segundo sobbre as posturas deste clero fronte ás cuestións sociais e eclesiásticas da época, e a un terceiro adicado ao estudo da ideoloxía e dos comportamentos políticos deste clero compostelano. A monografía recorre os estudos eclesiásticos na Universidade de Santiago e, en particular, os que se podían realizar no Seminario compostelano, entre 1829 e 1932, momento este último da existencia da Universidade Pontificia, aberta no Seminario desde 1897. En conexión coas titulacións e estudos encontrábanse

as oposicións a prebendas e beneficios eclesiásticos, a posesión de libros e bibliotecas, e a labor cultural, asuntos todos aquí revisados. Cuestións como a difusión de ideas revolucionarias, a censura de obras escritas e a actitude ante as novas ideas científicas están constantemente presentes.

O autor pon de relevo as grandes diferencias culturais visibles dentro do clero, en parte ao existir a dobre modalidade de carreira curta e longa, e a debilidade da formación humanística e filosófica impartida no Seminario. Salienta a doutrina conservadora e tradicional, a defensa da doutrina católica, o uso da metodoloxía escolástica tradicional, a hostilidade á nova ciencia e a xeral mediocridade intelectual, o que, porén, non impediu a presenza dunha exigua minoría culta; así a comenzos do século XIX era observable a existencia dun alto clero ilustrado e igualmente máis tarde podía verse un pequeno número de cultivados clérigos, de concepción liberal, afirmados sobre a súa pertenza ao cadro docente da Universidade de Santiago. Sería o temor e recelo ante as intervencións políticas sobre os estudos de Teoloxía, o que propiciou, como mecanismo de autodefensa tradicional, a creación en 1829 de Seminario de Santiago.

LOURO FELGUEIRAS, M.; MENEZES, M^a C. (orgs.), *Rogério Fernândes. Questionar a sociedade, interrogar a História, (re)pensar a Educação*, E. Afrontamento, Porto, 2004.

A homenaxe a un mestre. A homenaxe merecida por parte do profesor Rogério Fernândes, en recoñecemento a unha vida académica, profesional e cívica de alta exemplaridade. Recoñecendo nel o cidadán crítico, un intelectual comprometido coas perspectivas progresistas, o profesor

sempre disposto ao intercambio, o político e militante do tempo da “Revolução dos Cravos”, e o historiador da educación, figura clave na renovación recente da historiografía educativa portuguesa.

As profesoras María Cristina Menezes, desde o Brasil, e Margarita Felgueiras, desde Portugal, pensaron con bo criterio que boa homenaxe sería reunir a cumprida obra dispersa do profesor Rogério Fernândes. Un amplo conxunto de 44 achegas, en máis de 800 páxinas: textos de fermosa prosa, elaborados con grande sentido didáctico e con constante riqueza informativa.

Foi preciso estruturar este conxunto en nove apartados: A educación na transición medieval para o humanismo, con lindos traballos sobre a educación en Portugal no século XVI; sobre a historia do sistema educativo portugués; unha achega a grandes figuras do campo pedagóxico portugués: Antonio Sergio, Bernardino Machado, Duarte, María Amalia Borges e Rui Gracio; a educación de adultos en perspectiva histórica, coa súa querida reflexión sobre a instrución operaria en Coimbra; historia da infancia, capítulo onde se detén nos retratos de nenez portuguesa, na súa formación moral, nas Casas de Asilo por volta de 1840, no movemento Froebel e nas perspectivas trazadas por A. Coelho; os diversos “contributos” a historia da educación luso-brasileira, un campo no que Rogério trazou pontes de diálogo que agora son toda unha corrente de comunicación científica; “a innovación educativa, as prácticas escolares e a profesión docente”, onde se deitan achegas sobre a cultura matemática en Portugal, o ensino mutuo, a modernización do ensino liceal, a educación dos xordomudos e cegos, ou a historia da profesión docente; sen faltar, un

apartado importante sobre as cuestións historiográficas e o saber histórico, e un último, que atine en clave socio-histórica ás batallas a prol da democratización do ensino ou as utopías pedagóxicas, entre outros temas de non menor interese.

Unha obra comprida. Unha fermosa homenaxe.

REPUBLICA, RESISTENCIA INTERIOR E EXILIO, *A propósito das achegas de Mayordomo, Gracia, Salomó Marqués e Cruz Orozco.*

A IIª República foi un tempo de renovación pedagóxica, mellor aínda de maduración relativa de propostas pedagóxicas que viñan alentando dende varias décadas antes. Un exemplo, entre tantos outros, é o que nos ofrece a monografía xusta (440 pp.) que prepararon Alejandro Mayordomo Pérez e M^{ra} C. Agulló (*La renovación pedagógica al País Valenciá*, Universitat, Valencia, 2004) ofrecéndonos unha mirada histórica a personaxes valencianos e ideas que constituíron os albores e os primeiros éxitos da renovación pedagóxica valenciana, co trasfondo da ILE: rexeneración, renovación e activismo pedagóxico na escola primaria valenciana.

Os franquistas e o franquismo derramaron todas as promesas de nova escola e de nova pedagogía, até chegar oa irracionalismo fascista, oa que se refire Jordi Gracia nun pulcro e nítido ensaio (*La resistencia silenciosa. Fascismo y cultura en España*, Anagrama, Barcelona, 2004). Un ensaio no que máis alá de realizar o relato das formas de conciencia crítica explícita baixo e contra o franquismo, se procura revisar o proceso de desintoxicación franquista e de reeducación lingüística que algunhas destacadas figuras realizaron (Ridruejo, Laín...e algúns outros) e mostrar

como se ía consolidandounha resistencia silenciosa, “en voz baixa e murmurada” (p.19): aprendendo a rechazar o utilaxe verbal da propaganda franquista e repudiar a retórica idealizante do fascismo falangista, oa tempo que se substituíu a tradición liberal, “racionalista, escéptica, lúcida, protexendoa linguaxe da razón” (de Ayala, J.R. Jiménez, Salinas,...) e mentres nacía a disidencia universitaria (Tamames, Pradera, Llanos, Sartorius, Múgica) e as revistas e proxectos editoriais novedosos dos pasados anos sesenta.

Entre tanto un elevado número de escritores, ensaistas, profesores e intelectuais non podían vivir coa imprescindible dignidade na España franquista, ben porque ou os matarían, ou os encadarian, ou malvivirían sen o osixeno necesario. Nestas circunstancias, quen poideron exiliáronse. A cada pouco son máis numerosas as monografías sobre o exilio de profesores republicanos. Os profesores Salomó Marqués Sureda e J. Ignacio Cruz Orozco téñennos ofrecido valiosas achegas. Ultimamente chegaronnos *La labor educativa de los exiliados españoles en Venezuela* (Fondo Ed. de Humanidades y Educación, Universidad Central de Venezuela, Caracas, 2002) de Salomó Marqués, que nos propón a memoria fronte ao esquecemento á hora de analizar a presenza dos mestres vascos e cataláns exiliados en Venezuela, desde criterios teórico-metodolóxicos que toman en consideración a historia do tempo presente e a metodoloxía de historia oral, tamén do mesmo autor *Los hermanos Bargés Barba. Maestros renovadores en Cataluña y México* (El Colegio de Jalisco, Jalisco, México, 2004). Volve Salomó Marqués sobre o exilio do magisterio catalán, que acadou ao 10% dos mestres que traballaban en Cataluña, o que significou unha auténtica “decapitación do maxiste-

rio" (p. 71), por tratarse, como no caso dos tres irmáns Bargés, de "excelentes profesionais que traballaban a favor dun ensaio activo e renovado". Os irmáns Bargés ("catalanistas, apartidistas e anticomunistas") deixarían nos colexios Cervantes en Córdoba e en Veracruz unha singular escola educadora, tal como Salomó Marqués estudou.

Arredor do exilio docente ven facendo considerables achegas José I. Cruz, desde o seu texto *La educación republicana en América (1939-1992)*, publicado pola Generalitat Valenciana en 1993. Máis recentemente (2004) presentou *Maestros y colegios en el exilio de 1939* (Institución Alfons el Magnanim, Valencia, 2004), a primeira monografía sistemática e de síntese sobre o exilio docente hispano en México, cun repaso a todas as máis notadas dinámicas de formación emprendidas en México: unha ducia de colexios, basados no modelo pedagógico da IIª República, que tiñan entre os seus rasgos máis destacados "a preocupación pola formación integral dos alumnos, o emprego de métodos activos no ensino e o interese por ofrecer unha educación de calidade". E máis recentemente J. I. Cruz foi comisario da exposición *Los Colegios del Exilio en México*, patrocinada pola Residencia de Estudiantes e inaugurada en Madrid en febreiro de 2005. Acompaña a exposición un hermoso e cuidado Catálogo, que procura significar o legado da educación republicana. Testimonios e recordos e imaxes gráficas, máis un variado apéndice documental (entre o onte e o hoxe dos colexios), que se d eixan acompañar de textos de Fernando Serrano, Cruz, Salomó Marqués e Jiménez Núñez, configurando en conxunto unha magnífica memoria e mesmo unha regalía para os ollos.

BARREIRO, H., TERRÓN, A., *La institución escolar: una creación del Estado Moderno*, Octaedro, Barcelon, 2005.

Inaugurando unha nova Colección de Textos (Serie "La Escuela del Nuevo Siglo", da Fundación FIES/CCOO) que promete ser un instrumento de debate e de construción da educación democrática en España imprescindible no novo escenario de loita por unha globalización alternativa, aparecen estes dous textos maxistrals, a cargo dos recoñecidos profesores Hermino Barreiro e Aida Terrón. Das orixes da Escola Pública a súa plasmación no contexto español.

Herminio Barreiro constrúe en 70 páxinas un riguroso ensaio sobre a xénese da educación pública, articulado arredor das orixes teóricas, as orixes institucionais e as orixes textuais. O lector crítico que nel recoñecemos, o intérprete e o ensaísta, danse cita de modo cabal para axudarnos a entender a educación pública como a mellor estratexia para garantir o futuro. Discurso e argumentos trazados con seguridade e sen retórica; desde o coñecemento histórico e a capacidade interpretativa; con categorías afinadas e unha mesurada prosa. Configurando un ensaio que haberá que ler para comprender o alcance e os significados da educación pública.

Aida Terrón, a través dun discurso máis complexo e máis puntillista, traza pola súa parte as liñas mestras de construción do sistema educativo español, cunha impostura xenealóxica. Reflexiona sobre os conflitos polo control da educación, sobre os límites do liberalismo, sobre as contradicións experimentadas pola política educativa española durante a Restauración ("entre a modernización didáctica e a segregación popular"), e sobre as esperanzas de "escola republicana"; esperanzas

rotas pola dictadura franquista, até que chegou o tempo das “alternativas”, como antecedente do novo reformismo educativo, en tempos de globalización neoliberal, que é revisado de modo crítico por Aida Terrón desde un horizonte intelectual, o seu, que se manifesta favorable á reconstrucción escolar desde un universalismo emancipador. Un texto tamén brillante e xeneroso en suxerencias para a reflexión que precisamos continuar.

FRAGA VAZQUEZ, A., SISTO EDREIRA, R., *Diccionario histórico das ciencias e das técnicas de Galicia. Autores, II (anteriores a 1808)*, E. De Castro, Sada, 2005.

A historiografía prosopográfica realizada ao longo do tempo en Galicia estivo case sempre atenta á indicación das personalidades sobresaíntes no cultivo das “letras”, na perspectiva máis tradicionalmente humanista e relixiosa. Dada esta circunstancia foise configurando unha imaxe histórica dunha Galicia de “letras” e non de “ciencias”. Sen dúbida, isto foi así, pero menos do que se deu a entender. Hai xa doce anos o Grupo Interdisciplinar de Traballo R. M^a Aller deu á luz unha obra de similar título á presente que comentamos, pero cunha cronoloxía que arrincaba en 1868, para dar conta en formato de *Diccionario* de todo aquel amplo conxunto de figuras, de orixe galego ou non, que en Galicia e desde Galicia cultivaron entre 1868 e 1936 algunha das diversas ciencias. Aquela laboriosa e tamén luminosa obra continúa hoxe na presente, resolta cunha similar metodoloxía e enfoque.

Comezando por ALONSO LOPEZ y NOVAL, José (Ferrol, 1763-1824; matemáticas, enxeñería) e rematando en VIMERCATI BENITEZ, Cipriano (Jerez de la Frontera, 1730?-Santiago, 1808; matemáticas, náutica), o presente *Diccionario* achégase á his-

toria intelectual e profesional de oitenta (80) figuras, pola maior parte galegos de nación, que cultivaron dun o de outro modo algún campo dos que convenimos en chamar como ciencias físico-naturais, e todos formando parte dunha historia científica en construción desde o século XVI, en tanto que permanecen aínda sen ser abordadas aquelas figuras que durante a extensa Idade Media fixeron un cultivo similar, debendo sinalar a presenza tamén dalgúns galegos, en todo caso un pequeno fato.

O *Diccionario*, igual que o tomo 1^o é e vai ser un instrumento de enorme interese para seguir profundando e coñecendo mellor a nosa historia cultural e educativa. Cheo de novidades e de sorpresas para todos aqueles situados no pre-concepto da carencia do cultivo das ciencias en Galicia ou a cargo de galegos. Menos do que sería do caso, pero seguro que abondo máis do agardado. Loanza, pois, aos autores.

PEREIRA, D., *Xosé Otero Espasandrín. Vida e pensamento dun cerdebense desterrado*, Asociación de Terra de Montes “Verbo Xido”, Cerdedo, 2004, 62 pp.

Un sintético percorrido pola vida e obra dun desterrado mestre galego, republicano, galeguista e de esquerdas, que por iso tivo que desenvolverse logo de 1939 no exilio. Xosé Otero Espasandrín (Castro, Cerdedo, 1900 - EEUU, 1987) estudou Maxisterio en Santiago de Compostela, e comezou a desenvolver a súa actividade profesional docente na Escola do Pósito de Pescadores de Ribeira en 1923, ao tempo que comezaba a colaborar na prensa (*Galicia, Faro de Vigo, El Pueblo Gallego*) en contacto con outros profesionais progresistas e galeguistas. Ampliou estudos a partir de 1929 en Madrid na Escola Superior do Maxisterio, ligándose ás Misiões Pedagóxicas e a outras iniciativas

culturais republicanas e tamén ao Partido Comunista de España. En Madrid está cando comeza a guerra civil. Alí loitará, pasando logo polo campo de refuxiados francés de Saint-Cyprien. Co auxilio de Rafael Diste conseguirá situarse na Arxentina en 1941, onde chegou a preparar 28 libros de divulgación científica para rapaces para a Editorial Atlántica. En 1947 achégase aos EEUU para poder ser de novo profesor de lingua e literatura española nun Colledge de Waynesburg (Pensylvania), renovando neste tempo os seus contactos coa cultura galega, a través de Francisco Fernández del Riego.

Aquí e acolá foi deixando fermosas páxinas escritas, biográficas, unhas; de evocación, outras; poéticas, algunhas; outras pedagóxicas, e tamén outras con acervo político. Entre os anos vinte e os cincuenta, en particular. Unha selecta antoloxía é o que tamén aquí aparece, baixo a man e o corazón de Dionisio Pereira, un moi destacado construtor de memoria, ao servizo nesta ocasión de Otero Espasandrin, un de tantos, bó e xeneroso.

PEREZ POZA, R., *Luis Tilve, un Sindicalista na Transición Política*, Fundación Luis Tilve, Santiago, 1999, 149 pp.

Roxelio Pérez Poza, ensinante, por tradición familiar e tamén por convicción, é un dos destacados líderes do movemento sindical docente pontevedrés, a tal punto de ter sido mesmo Secretario Xeral de FETE-Galicia (1982-1991) e Vicesecretario Xeral da Comisión Ejecutiva Federal de FETE (1991-92). Alguén presente en todas as dinámicas societarias e docentes de orientación socialista habidas nas terras de Pontevedra desde mediados dos anos setenta en diante e que por iso acumulou a información e as perspectivas máis lúcidas

para podernos falar da figura do profesor de ensino privado Luis Tilve, o primeiro Secretario Provincial de FETE-UGT de Pontevedra despois da República, un activo militante comunista nos tempos do último franquismo e nos anos da Transición, que morreu en 1984 con só 49 anos de idade. Un ensinante loitador, solidario e activo que entra en contacto co PCE en 1974, desempeñando de aí en diante múltiples actividades socio-políticas, destacando, en particular no plano organizativo. No ano 1978, coa súa destacada entrada na FETE de Pontevedra, reorientase cara a orientación socialista e destacará aquí pola súa intensa actividade sindical, amplamente recoñecida, e sempre ligada, por outra parte, a unha constante inquietude cultural coa consciencia de vivir nun contexto social dinámico e complexo.

De todo isto se fala acaidamente nesta axustada monografía sobre a historia presente dos ensinantes galegos, na que tampouco faltan un conxunto de textos escritos de Luis Tilve.

Antón COSTA RICO

IV Xornadas de Historia da Educación

A Casa da Cultura "Poeta Manuel María" do Concello lugués de Foz acolleu entre o 18 e o 22 de xullo deste 2005 as "IV Xornadas de Historia da Educación" que, como en edicións anteriores, formaban parte dos cursiños de verán da Universidade de Santiago de Compostela e que, gracias o empeño e traballo do profesor Uxio Otero Urtaza, están chamadas a se converter –coidamos que xa o son– nun referente obrigado para todos os que queiren achegarse ó coñecemento dos procesos e realidades educativas desde a análise histórica.

Nesta ocasión o profesor Otero Urtaza, cerne en mentor das xornadas, artellóunas arredor dun título ben suxerente, actual e de indubidable interese: “A manipulación e a recuperación da memoria escolar. A escola e os mestres na II República e no franquismo”.

Profesionais do ensino e estudantes encheron o salón de actos da Casa da Cultura para asistir á exposición das distintas conferencias e debates que alí se celebraron. Diversas e novedosas as distintas conferencias programadas foron enchendo as mañáns e as primeiras horas da tarde. O profesor Antonio Viñao abriu as Xornadas cunha ben suxerente e esencial que levaba por título “Memoria e educación: lembranzas, esquecementos e manipulación”.

A diversidade de temas marcou de xeito ben patente o desenvolvemento das distintas sesións. Desde a interesante e sempre sorprendente aportación do profesor Julio Ruiz Berrio sobre a represión dos mestres e da cultura escolar no franquismo, pasando polas acertadas e novedosas propostas dos profesores Aida Terrón e Juan Manuel Fernández Soria sobre o papel dos sindicatos e as asociacións profesionais na II República ou a manipulación da memoria escolar no franquismo. Para chegar a unha máis específica sobre o exilio e a súa obra educativa desenvolvida con rigor e coñecemento polo profesor Juan Ignacio Cruz Orozco. Non menos interesantes foron as aportacións suxerentes e matizadas do profesor Rafael Valls arredor dos libros de texto e a manipulación da memoria.

Por parte da representación galega o profesor Antón Costa achegounos con mestría ás claves da represión dos mestres galegos e a súa obra no exilio. A conferencia do profesor Costa, matizada e moi

ben artellada foi orixe e xustificación doutra complementaria que desenvolveron os profesores Narciso de Gabriel e Anxo Porto Ucha.

O profesor Vicente Peña Saavedra achegounos desde a súa experiencia e coñecemento ós valores que os museos pedagóxicos teñen como instrumentos para a recuperación da memoria. Pola súa parte o profesor da Universidade de Vigo Xosé Manuel Cid disertou sobre a importancia dos diarios persoais e a memoria oral para a recuperación da memoria escolar.

Duas mesas redondas acollidas xenericamente baixo o epígrafe de “Mesas da Memoria”, deron un sentido máis cercano ós contidos académicos das conferencias e puxeron de manifesto o interese que a recuperación da memoria desperta en todos nós. Se cadra a súa ubicación ó final de cada xornada fixo algo densas e alongadas as intervencións. Aínda así resultaron moi interesantes e abondosos os datos e as aportacións persoais que nelas se fixeron que nos axudaron a coñecer, dun xeito máis proximo, realidades que de ningunha maneira poden quedar esquecidas.

As Xornadas remataron cunha conferencia moi interesante e actual de Santiago Macías, vicepresidente da “Asociación para la Recuperación de la Memoria Histórica”, que levou por título: “A recuperación da memoria como tarefa”.

Desde aquí facemos votos para que estas Xornadas teñan continuidade no futuro, ó tempo que agradecemos á Universidade de Santiago e o Concello de Foz o esforzo material e humano que poñen en marcha para que sexan posibles iniciativas deste tipo. Salientar especialmente o traballo e agarimo que o profesor

Uxio Otero ven desenvolvendo para que as Xornadas se constitúan nun referente obrigado para todos os que queren coñecer a realidade da educación desde o eido da historia. Noraboa a todos e ánimo.

J.Luis IGLESIAS

CARPINTERO, Helio., *Historia de la psicología en España*. Madrid, Ed. Pirámide, 2004, 246 pp.

Nos sitúa el autor, a través de la presente obra, ante las principales líneas científicas, en forma de breve introducción, sobre las que la psicología se ha venido vertebrando desde la modernidad hasta la época actual.

Continúa su desarrollo historiográfico, tomando como punto de partida a Luis Vives, precursor de la psicología sobre cuyos apuntes de carácter asociativo, quien adentrará a esta primitiva disciplina, aún no desligada de la filosofía, en un periodo marcado por el nacimiento de las corrientes racionalistas y empiristas.

Quedan bien reflejados los avances teóricos realizados por autores como Gómez Pereira y Antonio Margarita, a los que más tarde se unirá Juan Huarte de San Juan, cuyo *Examen de ingenios para las ciencias* se erige en auténtico tratado de orientación profesional, lo que le convierte en el gran padre de la psicología española.

No quedan al margen de la presente obra, las influencias escolásticas a través de Ignacio de Loyola o Fray Luis de Granada quienes avanzan la incipiente tradición confesional dentro del estudio del comportamiento humano, que aparecerá en posteriores momentos del desarrollo de la psicología del país.

Dentro de la misma línea confesional, se ponen de manifiesto las aportaciones jesuíticas acaecidas en pleno fervor contrarreformista como respuesta a los avances científicos en las áreas del cálculo infinitesimal y de la física, de la mano de Newton, Galileo y Kepler, entre otros. Destaca en este momento la obra de Bonet, quien bajo el título de *Arte para hacer hablar a los sordos*, presenta un método de desmutización a emplear en la reeducación de sordomudos.

Los aires renovadores procedentes del movimiento ilustrado acercarán nuevas reflexiones en la psicología a través de las obras de Andrés Piquer, Luis de Losada y el P. Ignacio Rodríguez, que aportarán luz a la ciencia del comportamiento.

El prof. Carpintero se dirige hacia el s. XIX, periodo marcado por los intentos liberal-reformistas de transformación global del país, ahogados en el afán retrógrado promovido por los resucitadores del antiguo régimen y que provocarán la salida del país de un buen número de intelectuales. Se subraya, al mismo tiempo, algún hecho de cierta relevancia, que consistió en la introducción de la asignatura de psicología en la enseñanza secundaria, a raíz de la promulgación del Plan Pidal de Enseñanza de 1845.

Se reflejan, de igual forma, las aportaciones de Mariano Cubí procedentes de la Escuela Frenológica dedicadas al diagnóstico mental, como auténtico difusor de las ideas frenológicas y su aplicación práctica en prisiones y escuelas.

Quedan idénticamente expresadas las apreciaciones de Juan José Arbolí sobre atención, memoria, razón, cognición, etc., además de la visión psicológica de Pedro Felipe Monlau, campo en el que también

destacaron hombres de pensamiento como José Varela Montes o Pedro Mata.

La importancia de la Escuela del Sentido Común a través de Ramón Martí d'Eixala o Jaime Llorens y Barba queda patente no sólo por su propio desarrollo, sino también la influencia que ejercerá, más tarde, en hombres como Francisco Giner de los Ríos, sobre el que el autor de la obra se ocupa en un capítulo específico con mayor detenimiento. Igualmente, se verifica el reforzamiento neo-escolástico sucedido a partir del este siglo y la influencia de éste ejercida por Jaime Balmes o Fray Zeferino González.

Otra de las corrientes renovadoras es la que trae a España D. Julián Sanz del Río, quien apoyado en las tesis humanistas de Krausse, asentará los cimientos filosóficos que determinarán una nueva concepción de la educación.

No pasa esta revisión historiográfica de largo por la creación de la ILE, bajo inspiración Kraussista, en medio de un entorno social marcado por la condena de ideologías de carácter nacionalista, liberal o racionalista, fruto de la inquietud creativa de Francisco Giner de los Ríos.

Constituye esta fundación, en su conjunto, un núcleo educativo libre de influencias gubernamentales, donde se ubicaron un buen número de profesionales que contribuyeron al posterior desarrollo de la educación y, por ende, de la psicología en España.

Son destacadas algunas figuras científicas de la época, como el Dr. Luis Simarro quien desempeñaría la única cátedra de psicología experimental de la época, localizada en la facultad de ciencias de la Universidad Central de Madrid.

Se efectúa idéntica mención del *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, órgano de expresión de la propia institución y que publicaría numerosos artículos de Binet, Dewey, Whundt además de otros autores quienes ayudarán a introducir y divulgar los progresos acaecidos en la psicología de ámbito internacional en el país.

A esto añade el autor, siguiendo siempre un eje diacrónico, la incidencia de la obra de Cajal y las aportaciones de las Escuelas de Madrid y Cataluña, representados por Luis Simarro y Ramón Turro, respectivamente.

Son reseñados los efluvios procedentes de la ILE que tendrán su cristalización en las investigaciones de psicólogos como Francisco Santamaría, Martín Navarro, Julián Martín o Juan Vicente Viqueira.

De nuevo, la respuesta confesional católica vendrá marcada por la influencia de la Universidad de Lovaina, que a través del P. Marcelino Arnáiz o Juan Zaragüeta irían introduciendo algunas de los incipientes planteamientos psicopedagógicos en España.

Mención específica se hace de la labor del padre Fernando María Palmés como creador del Gabinete Psicotécnico del colegio Máximo de Sarriá, convirtiéndose, de este modo, en auténtico promotor de la psicotecnia educativa.

El progreso de las Escuelas de Barcelona y Madrid continuó a través de la obra de Augusto Pí y Sunyer y, especialmente, de Gonzalo Rodríguez Lafora. Es éste personaje clave para comprender el desarrollo de la psicología, a quien se debe entre otras cosas, la creación, junto a otras grandes figuras intelectuales de la época, de la publicación *Archivos de Neurobiología* y del Instituto Médico-

Pedagógico de Carabanchel, centrado en el estudio de la personalidad humana.

Continuando con el repaso por las aportaciones, que desde otras ciencias se ha realizado a la psicología en España, se presenta el trabajo del Dr. Gregorio Marañón, manifestado en sus estudios sobre la endocrinología y su influencia en la personalidad y constitución.

Desde el campo de conocimiento de la filosofía se produce la contribución científica de José Ortega y Gasset, especialmente en la co-fundación de publicaciones periódicas, traducción de obras del alemán y a través de un vasto número de actos de divulgación científica mediante conferencias y cursos donde la psicología cobra un papel protagonista.

De igual forma, se efectúa un acercamiento a la aplicación psicotécnica en Cataluña y Madrid, certificándose el primigenio desarrollo de una labor de orientación profesional necesaria para un ámbito laboral de las primeras décadas del siglo XX, en creciente especialización.

La Guerra Civil abocará al país a un conflicto armado que tendrá directa influencia en la psicología, provocando un forzado exilio de muchos de sus personajes y la suspensión de algunas publicaciones, la cual una vez superada retornará a un periodo neo-escolástico, de la mano del P. Manuel Barbado, con profundas influencias tomistas.

Idéntica consideración merece la labor de los psicólogos exiliados que prosiguieron el desarrollo de sus carreras profesionales en sus países de acogida, retornando algunos de ellos a lo largo de la dictadura franquista, para quedar, en la mayoría de los casos, al margen de la ciencia oficial.

La comparación que el autor efectúa entre las figuras de José Germáin, como profesional que asume el regreso a la España franquista y, por otro lado, a Emilio Mira y López, que desarrollando sus actividades científicas desde el exilio forzoso, refleja con claridad el proceso de fragmentación científica provocado por el conflicto.

Ante esta situación se precisa la necesidad de establecer un puente entre la situación anterior al mismo y su desarrollo posterior, para el que Germáin contará con el apoyo de sus colaboradores Siguán, Yela Granizo, Pinillos o Secadas quienes proyectan el legado recogido hasta la actualidad, conduciendo a la psicología española a un nivel comparable a del resto del mundo.

Queda completada esta obra con un amplio repertorio bibliográfico al que se añade un detallado índice de autores que facilitan su localización en el texto.

Concluimos afirmando que la presente monografía muestra, en su conjunto, un exhaustivo recorrido por la evolución moderna y contemporánea de la psicología, centrándose para ello en la obra desarrollada por sus figuras científicas sobresalientes, y frente a la cual el lector puede comprobar las variables vitales de la misma, constituyéndose en un valioso e imprescindible elemento de consulta.

Alejandro GARCÍA ÁLVAREZ

CARIDE. J. A., *Las fronteras de la pedagogía social. Las perspectivas científica e histórica.* Barcelona, Gedisa, 2005.

Neste ano do 2005 e na editorial Gedisa ven de aparecer un novo libro do noso compañeiro de Facultade e promotor principal da *pedagogía social* en Galicia -desde

os primeiros tempos da novísima e recente recuperación desta disciplina-, José Antonio Caride. Un libro de título epistemolóxicamente ben expresivo: *Las fronteras de la Pedagogía Social. Perspectivas científica e histórica*. E, como se ve, con un subtítulo que enmarca nidiamente o contido e as intencións: *perspectiva científica*, por unha banda, ou o que é o mesmo, fronteiras epistemolóxicas. E *perspectiva histórica*, por outra; isto é xenealoxía da disciplina.

Aos que traballamos preferentemente no eido histórico, interésanos sobre todo esta última *perspectiva*. E ben que a acomete por certo o compañeiro Caride. Partindo neste caso da “pedagogía social como ‘construcción’ histórica”, o profesor da USC rastrea con rigor as orixes e o desenvolvemento da materia pedagóxico-social desde un punto de vista verdadeiramente erudito, innovador e nada tópico. Recoñecendo as débedas dos pedagogos sociais españois de hoxe en día con José María Quintana e coa vista sempre posta no horizonte institucionalista e republicano de Lorenzo Luzuriaga, Caride fai un percorrido lento e demorado por tódolas estradas, camiños, corredoiras e sendas inesperadas polas que ten transitado a “pedagogía social” ao longo da súa curta, pero intensa e apaixonante historia, incluíndo tamén o que il chama a “pedagogía social implícita” que de feito ten existido desde os albores da cultura occidental. Por iso son sumamente interesantes as súas disquisicións histórico-xenéticas da disciplina á que il mesmo denomina na introducción do libro “pedagogía-educación social”, marcando así concepto e territorio.

Poderíamos mesmo dicir que a *pedagogía social*, máis que unha disciplina e un ámbito de “intervención social” típicos dun

século tan vertixinoso e tan repleto e cheo de acontecementos coma o século XX, vai ser unha disciplina estrela ao longo do século XXI. A lo menos, sempre e cando a Humanidade esté disposta a vivir en plenitude, nun mundo sostible e vivible. Pero non haberá nada que facer si este mundo noso tan pequeno decide inmolars e deixa que os depredadores que todos coñecemos acaben con todo axiña.

Convido a todos os que estén interesados neste tema a que lean o libro de José Antonio Caride. Neste intre é un instrumento indispensable para orientarse no mundo da pedagogía social.

Herminio BARREIRO

FERNÁNDEZ, Joaquín, *Educación Ambiental en España (1800-1975)*. Madrid, Editorial Raíces e Obra Social de Caja Madrid. 2002.

O libro é unha interesante compilación de referencias e textos das primeiras pegadas da Educación Ambiental no Estado español, na que o autor —xornalista especializado en temas de medio ambiente— revisa algúns dos seus antecedentes, tanto no ámbito español como europeo. Nel presenta unha listaxe de experiencias e autores —apenas se atopan alusións a mulleres— que contribuíron a “revolucionar” o mundo educativo coas súas propostas, nas que a natureza é, ao tempo, recurso e medio de aprendizaxe.

Céntrase fundamentalmente no século XIX e nas primeiras décadas do XX, xa que, como é ben sabido, a Guerra Civil supuxo un retroceso neste ámbito, feito que tamén queda recollido no texto. A partir desta data, só fará referencia a posibles aportacións dende a Fronte de

Xuventudes; cecais sexa este o apartado menos interesante da obra.

Non se trata dun estudo rigoroso nin secuenciado; o seu valor reside nas numerosas citas que se reproducen (fundamentalmente de xornáis como *Blanco y Negro*, *Aire Libre*, *Alrededor del Mundo*, *ABC*, *El Sol...*), mais dende o punto de vista académico bótanse de menos as referencias bibliográficas (moi escasas, a pé de páxina e algunhas incompletas). Bótanse de menos tamén, e máis nun libro de carácter histórico, que non haxa un apartado coa bibliografía referenciada.

Consideramos o punto de partida polémico, porque sitúa os comezos da disciplina “na miseria e na fame”. A súa proposta parte dunha perspectiva fundamentalmente hixienista, fronte a outras propostas máis estendidas que sitúan o nacemento da Educación Ambiental en relación coa pedagogía e o naturalismo.

A obra arranca das ideas e dos autores da Ilustración para ir enumerando iniciativas que conxugan natureza e educación. Parte das propostas de Jovellanos, Rousseau ou Pestalozzi e de institucións como as Sociedades Económicas de Amigos do País, o Real Instituto Militar Pestalozziano, as Escolas Novas ou as Casas dos Nenos para ir ilustrando o tema con numerosas iniciativas, que ben poden considerarse como antecedentes do que hoxe entedemos como Educación Ambiental.

É interesante o punto de vista do autor sobre as posibles aportacións da Institución Libre de Ensinanza, que van dende a influencia no deseño arquitectónico das escolas ao deseño de xardíns, o excursionismo escolar, os paseos escolares, as visitas a lugares de interese, os

periódicos escolares, as colonias escolares, as festas da árbore ou ás Misiões Pedagóxicas. Realmente mostra moitos lugares comúns entre este movemento pedagóxico e a actual educación ambiental.

Tampouco esquece as posibles influencias de movementos e experiencias educativas que se desenvolveron en distintos puntos de Europa, e que darán lugar a iniciativas singulares no Estado, como é o caso das Escolas do Ave María do Padre Manjón ou a Escola Moderna de Ferrer. O autor introduce estas experiencias con numerosas referencias ao movemento da “educación polo ambiente” iniciado por Pratell e tamén ao movemento anarquista, considerando especialmente as propostas de Eliseo Reclús.

Abórdase así mesmo ao papel da agricultura na ensinanza reglada. O autor enumera experiencias e recursos arredor da “escola e o horto”: escolas-granxas, xardíns botánicos, cartillas agrícolas, escolas ao ár libre, escolas de horticultura, escolas-horto... para culminar coas aportacións de Rosa Sensat en dúas experiencias ben significativas, a Escola do Bosque e a Escola do Mar de Barcelona.

A obra podería resultar en ocasións repetitiva, pois o seu esquema argumental obriga a reiterar autores ou experiencias presentados con anterioridade, sobre todo aquelas que teñen que ver coa Institución Libre de Ensinanza.

En todo caso, é un dos poucos traballos que existen sobre o papel da natureza no ámbito educativo e a súa pegada na educación ambiental; e cecais sexa o máis extenso en canto a experiencias recollidas. Non é un traballo de investigación estritamente académico, senón máis ben de

divulgación; non aborda ningún aspecto con profundidade, senón que busca —e consegue— dar unha ampla visión desta temática. Trátase dunha interesante e amena obra para iniciarse no tema; tamén é recomendable para as persoas máis interesadas no campo, porque atoparán moitas alusións a autores e iniciativas, aínda que estes últimos lamentarán a ausencia de referencias bibliográficas e documentais máis precisas.

Araceli SERANTES PAZOS

PEÑA SAAVEDRA, Vicente (coord.), I Foro Ibérico de Museísmo Pedagógico. O museísmo pedagógico en España e Portugal: itinerarios, experiencias e perspectivas. Actas 2001. Santiago de Compostela, Museo Pedagógico de Galicia (MUPEGA), Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, 2003, 569 pp., ISBN: 84-453-3565-0.

PARA UN DEBATE SOBRE A HISTORIA E PROSPECTIVA DO MUSEÍSMO PEDAGÓXICO

É no marco do contexto contemporáneo da discusión en torno á redefinición das funcións académicas, educativas, culturais e sociais dos museos en xeral —e do museísmo pedagógico en particular— que chega a nós esta publicación, na cal se realiza un substantivo aporte a este debate, especificamente a partir da posta en diálogo entre a tradición museística escolar no espazo ibérico e as novas correntes en museoloxía. Este diálogo aparece hoxe indiscutiblemente atravesado polos aportes e o impacto das novas tecnoloxías da información e a comunicación, e é a partir deste cruce que toman voz as interrogacións verbo da

articulación entre institucións museísticas, públicos, e memoria cultural e educativa.

Trátase dunha compilación proliza e criteriosa que permite a museólogos, investigadores, profesores de todos os niveis do sistema educativo e estudantes de titulacións vinculadas ás distintas áreas das Humanidades e Ciencias Sociais acceder aos traballos científicos que foron expostos no *I Foro de Museísmo Pedagógico*, que sobre “O museísmo pedagógico en España e Portugal: itinerarios, experiencias e perspectivas” tivo lugar en Santiago de Compostela, do 8 ao 10 de novembro de 2001, evento organizado polo Museo Pedagógico de Galicia (MUPEGA) e patrocinado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

O criterio editorial para a publicación destas actas é eminentemente inclusivo. En primeiro lugar, cabe sinalar que o lector pode acceder a un relevante *corpus* textual constituído polos traballos presentados baixo o formato de conferencias; tamén aos coloquios, os relatorios e os debates derivados das mesas redondas.

As conferencias (seguidas dos correspondentes discusións) artículanse en torno a unha mirada crítica sobre a historia, o presente e a prospectiva dos museos pedagógicos a escala mundial, nun rexistro de reflexión máis xeral (como é o caso da participación de Arias Vilas e Ruiz Berrio), pero enfatizando esta cuestión en España e Portugal (como o demostran as intervencións de Hernández Díaz e Peña Saavedra, para o caso español, e Mogarro, para o portugués).

En segundo termo, compílanse os traballos presentados nas tres Mesas Redondas organizadas programaticamen-

te para o Foro (cada mesa sucedida do correspondente coloquio). A primeira mesa versou sobre “Iniciativas e experiencias actuais de museísmo pedagóxico en España e Portugal” e inclúe sete relatorios; a segunda, sobre “Tratamento e presentación museográfica do patrimonio educativo”, nuclea seis relatorios, e finalmente a mesa sobre “O mundo infantil: tratamento museográfico dos xogos e os xoguetes en España e Portugal”, ofrécenos cinco traballos. Cabe significar que a análise do “Patrimonio pedagóxico dos centros de ensinanza secundaria en Galicia” (a través da presentación dun relatorio homónimo, seguido de coloquio) abordouse nunha sesión que tivo lugar nas dependencias do Instituto Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela.

Pero os contidos deste volume non se esgotan aquí. Incorporouse atinadamente á publicación un dispositivo paratextual relevante, constituído por materiais de diversas índoles. En primeiro lugar, un segmento configurado polos discursos de presentación do Foro no Acto Inaugural, que permite repoiñar ao lector o encadre institucional e as condicións de produción da publicación. Cómpre subliñar aquí a presentación do sitio web do MUPEGA a cargo do Dr. Peña Saavedra, acompañada de reproducións fotográficas das distintas páxinas do sitio e dos respectivos mapas de navegación.

Un segundo segmento paratextual constitúeo a “Crónica Final” e as “Conclusións”, seguidas da “Declaración de Compostela 2001”, coa que se sentan as bases para unha *Rede Ibérica de Museísmo Pedagóxico*. Esta declaración foi elaborada e debatida por numerosos profesionais e expertos en materia de museísmo pedagóxico de España e

Portugal e aprobada o día de peche do Foro polos congresistas asistentes. Nela evidénciase a vontade política dos organizadores e participantes no mesmo de avanzar en accións concretas que materialicen os resultados das exposicións, dos debates e dos acordos logrados durante a realización deste relevante encontro.

Mencionaremos, por último, outro segmento, esta vez conformado por materiais icónicos, que se nutre de ilustracións do *ESPAGO MUPEGA*, do Museo do Pobo Galego, do IES Xelmírez I, do evento congresual (sesións científicas e actividades complementarias) e reproducións da folletería institucional. Tamén pode consultarse na obra unha recompilación de artigos de prensa (versións impresa e dixital), replicados fotográficamente, acerca do Foro e unha nómina completa dos 126 participantes.

Se ben a publicación, como anteriormente explicamos, focalízase en torno á temática convocante de maneira particular en España e Portugal, habilita ao lector unha mirada que permite transcender a xeografía ibérica, en tanto que incorpora reflexións de maior xeralidade e problematización sobre o museísmo pedagóxico, polo que inclusive podería lerse en clave dun verdadeiro “estado da arte” sobre os debates contemporáneos verbo deste tema.

Son eses dous rexistros os que este volume logra intelixentemente conciliar: unha mirada máis micro, con rigorosa especificidade, a partir da exposición e discusión dos itinerarios e experiencias en España e Portugal, á vez que unha invitación e unha achega concreta á reflexión en torno a unha temática de maior alcance territorial que busca redefinir o campo do

museísmo pedagógico de acuerdo coas exixencias do mundo contemporáneo.

Mario SEBASTIÁN ROMÁN

*Prof. Asociado da Universidade
Autónoma de Entre Ríos.*

*Docente e investigador da Facultade
de Ciencias da Educación da
Universidade
Nacional de Entre Ríos. República
Arxentina*

GÓMEZ GARCÍA, M^a N. (ed.): *Lecciones de Historia de la Educación*, Ediciones Alfara, Sevilla, 2004

El libro que coordina Mari Nieves Gómez García, como su título indica, es una recopilación de trabajos de un grupo de profesoras y profesores de la Universidad de Sevilla elaborados, en su mayor parte, para servir de soporte y guía en la docencia universitaria de diversas asignaturas del campo histórico-educativo. El carácter didáctico de estos textos hace comprender que propiamente se trate de auténticas (y en su mayor parte excelentes) lecciones integradas en diversos programas de las materias históricas que se imparten en las titulaciones de educación. Originalmente algunas de ellas se redactaron para exponer ante el tribunal que juzgó a sus autoras o autores para acceder a la titularidad de la docencia universitaria. Ello, evidentemente, condiciona el enfoque y tono de estas "lecciones", y el esfuerzo por demostrar a la vez, la capacidad didáctica de los profesores (se pueden encontrar magníficas programaciones) y sus profundos conocimientos sobre la materia que abordan. Otras se han elaborado expresamente para esta publicación. Todas ellas son síntesis de trabajos de investigación

en sugestivas cuestiones del ámbito de la historia de la educación aunque, como advierte la coordinadora del libro, no responden siempre a la misma unidad temporal.

La primera lección desarrollada corresponde a un programa de un curso de doctorado: "La literatura como fuente de la Historia de la Educación: una reflexión acerca del uso de la novela en la investigación histórico-educativa". La autora, Mari Nieves Gómez García, justifica la utilización de la literatura, en concreto la narración literaria, como fuente de la investigación histórico-educativa. Utiliza el ejemplo de cuatro grandes piezas literarias: *Opus Nigrum*, *El gatopardo*, *La muerte en Venecia* y *Entre visillos*.

Consuelo Flecha García redacta una lección inserta en el programa de la asignatura "Historia de la Educación de las Mujeres" que lleva por título "La incorporación de las mujeres al mundo universitario", una buena síntesis de las investigaciones que la autora viene realizando sobre este tema, al servicio, en este caso, del alumnado de dicha disciplina.

La siguiente lección sobre "La planificación y el desarrollo de los sistemas educativos" corre a cargo de Juan Luis Rubio Mayoral. Está concebida como una lección magistral correspondiente al programa de la asignatura "Prospectiva y Planificación educativas". Se observa que está redactada más como conferencia dirigida al tribunal que como exposición para los alumnos.

Guadalupe Trigueros Gordillo es la autora de la cuarta lección que versa sobre "Las reformas ilustradas en las universidades andaluzas", un tema del programa de la asignatura Historia de la Educación en Andalucía que viene impartiendo esta pro-

fesora. Guadalupe Trigueros vuelca en la lección todo un trabajo de investigación sobre este aspecto de la historia de las universidades andaluzas al servicio de los objetivos que marca, indica la metodología empleada y propone las actividades a realizar, incluyendo una rica información sobre las fuentes utilizadas.

María José Rebollo Espinosa es la autora de la sexta lección que tiene por objeto una interesante y poco explorada temática, "Los viajes, instrumento de difusión de las luces", en la que hábilmente se utiliza el imaginario compartido por los viajeros para mostrar los modelos educativos que configuraban el mapa pedagógico europeo de la época. La lección está inserta en el programa de la asignatura Historia de la Educación en Europa". La autora muestra gran habilidad para presentar en formado lección una rigurosa investigación con elementos motivadores para los alumnos a quienes, después de acompañar a los viajeros, se les propone realizar un viaje virtual por las Cortes europeas del siglo XVII y por sus ciudades más representativas.

Marina Núñez Gil demuestra sus profundos conocimientos sobre el tema del que escribe y su excelente práctica docente en la sexta lección, "Actitudes sociales ante la diversidad humana deficitaria", relativa a la asignatura de Historia de la Educación Especial. La autora se plantea en profundidad el problema de la diversidad humana desde una perspectiva histórica analizando las diversas mentalidades que en cada época (desde la antigüedad hasta nuestros días) acompañaron la interpretación de las deficiencias físicas y mentales. Más allá de una lección restringida a la duración de una clase convencional, se concibe como una programación para

desarrollar en varias sesiones, lo que se advierte en la riqueza de objetivos y de actividades que propone la profesora.

La siguiente lección, "Docencia y compromiso socio-político: el legado pedagógico de Paulo Freire (1921-1997)" está elaborada por Virginia Guichot Reina y corresponde al programa de la asignatura "La Historia del Pensamiento Educativo". Esta profesora muestra gran habilidad para condensar en su trabajo la biografía de Paulo Freire, entremezclada con su hacer y sus contradicciones, y el discurso pedagógico freireano centrado en su concepto de educación liberadora al servicio del compromiso socio-político que anima toda su obra. Termina Virginia Guichot proponiendo un proyecto de formación del profesorado progresista según el modelo pedagógico de Freire en el marco de una sociedad democrática. La lección contiene sugerentes aportaciones metodológicas y una rica bibliografía.

José Romero es el autor de una lección sobre un tema tan atractivo como escasamente tratado en nuestra literatura pedagógica sobre "Educación y alfabetización en América española durante el periodo colonial. El caso particular de Nueva España", inserto en la materia de Historia de la Educación. El autor, experto americanista, sintetiza sus investigaciones en el campo de la educación en la América hispana consiguiendo un texto ágil y claro en función de los objetivos didácticos que se propone.

El trabajo de Anita Granigna, "Fra Storia e Sociedade. La Pedagogia Sociale nel dibattito scientifico italiano", de la Universidad de Ferrara, tiene el forma de una lección magistral y está impresa en italiano. Elaborada para impartir a los alumnos en forma de conferencia constituye un

buen análisis de la evolución de la pedagogía social como disciplina científica. Aporta una interesante bibliografía italiana en ese campo.

La décima y última lección la redacta Cristina Yanes Cabrera y lleva por título "Aproximación al estudio y posibilidades de las fuentes en la investigación histórico-educativa". Constituye un material didáctico de gran utilidad para el alumnado (y una buena ayuda para el profesorado poco avanzado en las nuevas tecnologías) que se inicia en la investigación histórico-educativa.

Raras veces las lecciones preparadas para desarrollar ante el tribunal de una oposición han sido publicadas, al menos respetando el formato didáctico que exige la ocasión. Consideramos que el material de este libro, es útil y sugerente para el profesorado que imparte disciplinas históricas en las titulaciones de educación, pues al tiempo que introduce en aspectos novedosos concernientes a distintas asignaturas ofrece abundantes recursos metodológicos para utilizar en la práctica docente.

Carmen BENSO CALVO

PEÑA SAAVEDRA, Vicente (Dir.) Fernández González, Manuel e Montero Feijoo Óscar, *Os museos da educación en Internet*. Santiago de Compostela, Museo Pedagógico de Galicia (MUPEGA), Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, 2004. Soporte impreso: 314 pp. Soporte electrónico: CD-ROM interactivo. ISBN: 84-453-3828-5.

Un dos trazos que caracterizan a época postmoderna é o auxe da actividade museística. O continuo incremento dos museos da educación nas últimas décadas, non

escapa a esta tendencia mundial. Moi ao contrario, xa sexa que se interprete este fenómeno desde o predominio dunha certa nostalgia pola modernidade en declive, como autoafirmación de identidades culturais, tamén como recente toma de conciencia acerca da importancia do legado cultural-educativo, ou a partir do incremento das investigacións en historia da educación, o certo é que a proliferación de entidades de rescate, custodia e difusión do patrimonio educativo do pasado non deixa de medrar.

É neste contexto onde ten cabida a investigación realizada sobre a presenza dos museos da educación en Internet, que se publica baixo a forma dun catálogo de gran calidade. Dito catálogo preséntase tanto en soporte impreso como dixital e resulta de moita utilidade para o lector ou o internauta porque ofrece un panorama completo, sistemático, atractivo e interesante para todos aqueles que necesiten recadar información relevante e actualizada sobre a situación desta rama da museística contemporánea a escala mundial. Por conseguinte, o texto está destinado a un público amplo e pode interesar tanto aos investigadores e á comunidade educativa como tamén satisfacer a curiosidade do lector común.

O proxecto de investigación que achegou este excelente catálogo inscribíase dentro dos obxectivos fundacionais do *Museo Pedagógico de Galicia*. A tal efecto, en 1999, confeccionouse un informe acerca do panorama dos museos da educación na web. O mesmo, indicaba a relevancia da problemática e alentaba a encarar unha investigación en profundidade sobre o tema. Ademais, e sempre dentro deste marco institucional, inclúese o propio MUPEGA que foi o primeiro centro desta

natureza creado polo executivo dunha Comunidade Autónoma en España.

En canto ao contido do libro, podemos sinalar que se estrutura a partir dunha presentación que expón o desenvolvemento da investigación, seguido polas fichas que recollen os datos de cada un dos museos educativos atopados na web. Por último complementábase cunha serie de apéndice que inclúen información referida a outros museos e coleccións afíns, iniciativas para a futura creación de museos escolares e un detallado índice de todos os museos relevados.

Cabe indicar que o deseño gráfico no seu conxunto non só é do agrado do lector, senón que resulta sumamente funcional na súa disposición paratextual, facilitando a busca de información específica. En canto á presentación en soporte dixital non só inclúe a totalidade dos contidos impresos senón que posibilita a interacción do usuario, a conectividade coa web e por ende a navegación hipertextual. En suma, trátase dun catálogo que pode lerse, ser consultado ou navegado.

O resultado do traballo condénsase en 683 fichas informativas acerca dos museos da educación en todo o mundo que teñen presenza en Internet. Importa aclarar que se ben existe unha tendencia pouco rigorosa a integrar dentro do concepto de *museos* a todos aqueles organismos identificados como centros de investigación, centros de estudos, arquivos, centros científicos, parques temáticos, entre outros, non se adopta dito criterio de inclusión nesta investigación, senón que se circunscribe o universo de análise a aqueles museos da educación que conservan e difunden materias pertencentes ao mundo educativo e que tamén presentan disposicións de carácter virtual sobre a mesma temática.

Sen embargo, é conveniente precisar que non se inclúen neste repertorio os chamados museos científicos ou museos da ciencia, os museos do xoguete, nin tampouco os da infancia que non garden unha relación directa co ámbito educativo.

A distribución xeográfica dos museos amosa que son 42 os países que contan con algún destes centros, nunha diseminación territorial moi dispar de acordo cos respectivos continentes. Así por exemplo, o cómputo global abrangue 27 países no continente europeo, mentres que son 9 os países rexistrados en América, 3 en Asia, 2 en Oceanía, e só 1 en África, os que dispoñen de institucións desta clase. Dentro de Europa sobresa Alemania con 103 entidades, algunhas de antigüidade secular. En segundo lugar, figura Suecia con 64 museos. O terceiro posto, osténtao Francia con 46 entidades. A continuación, séguenlle Austria con 38, España con 36, Noruega con 33 e, finalmente, Gran Bretaña presenta 28 museos. En América destaca Estados Unidos cun total de 141 museos. Logo aparece Canadá con 36 entidades e moito máis afastada Argentina con 5. Respecto de Oceanía, a primeira posición correspóndelle a Australia con 38 museos. Por último, comprobamos que no lugar cimeiro de Asia atópase Xapón con 6 museos. Toda esta información está claramente consignada dentro da obra que nos ocupa nun cadro que mostra o número de museos distribuído por países e continentes.

Respecto do reparto dos museos de educación por continentes resulta evidente a supremacía de Europa seguida por América. Dentro dos museos europeos mellor valorados despuntan os alemáns; entre eles cabe mencionar o *Museo Escolar de Ottweiler* (<http://www.handshake.de/user/schulmuseum>) que conta

cunha páxina web na cal se mostra, ademais dos contidos propios do museo, información relevante acerca da historia e da arquitectura educativa da rexión. Entre os museos suecos é digno de mención o *Museo Escolar* de Bromma (<http://www.alk.edu.stockholm.se/museum/index.htm>) que conta cun importante patrimonio bibliográfico do século XIX, ademais dun interesante fondo integrado por láminas, fotografías e películas. Para o caso de Francia, resalta o *Museo Nacional de Educación* (http://www.inrp.fr/musee/acc_mus.htm) que foi reaberto en 2001 pero a súa orixe data de 1879, como continuación do antigo *Museo Pedagóxico* fundado por Jules Ferry. Temos así mesmo a situación de Gran Bretaña, na cal sobrancea o *Museo da Escola Ragged* (<http://www.raggedschoolmuseum.org.uk>) porque reconstrúe a historia educativa da infancia carenciada no barrio de East End en Londres. Por último, é importante subliñar a presenza de numerosas institucións desta clase en España, entre as cales podemos focalizar o *Museo Pedagóxico de Galicia* (<http://www.edu.xunta.es/mupega>), o cal lidera a ascendente tendencia fundacional de museos da educación en territorio hispano.

Tal como dixemos, o outro continente onde hai gran cantidade destas institucións é América. Interesa recalcar a cuantiosa presenza de museos en Estados Unidos, entre eles podemos identificar o *Museo Virtual de Iconografía da Educación* (<http://www.education.umn.edu/EdPA/iconics/default.htm>) elaborado polo Colexio de Educación da Universidade de Minnesota, que recolle imaxes educativas desde a Grecia Antiga até o século XX. Finalmente, para o caso de Arxentina resulta de interese o *Museo Virtual da Escola* (<http://www.unlu.edu.ar/-museo>) organiza-

do polo Proxecto HISTELEA da Universidade Nacional de Luján, que reconstrúe a través de testemuños escritos e orais, entre outras fontes, a historia da escola arxentina.

Os investigadores conxecturan que esta hexemonía museográfica de Europa e América explícase pola importante traxectoria museística en ámbolos dous continentes. Polo contrario, a presenza mínima dalgún continente neste repertorio tal vez obedeza a que certos museos localizados neles aínda non teñen sitio de seu en Internet.

Pasando a unha análise máis detallada das fichas do repertorio que recollen a información sobre os museos, vemos que están deseñadas para a fichaxe de cada centro de forma individualizada e que estruturan os contidos consonte unha lóxica de campos segundo a seguinte orde:

Primeiro, a denominación do museo no seu idioma orixinal máis a tradución ao galego, tendo en conta non tanto o nome da institución na súa literalidade, senón máis ben procurando que o rótulo ou enunciado dea una idea aproximada en canto á clase de museo do que se trata, debido á variedade de tipos de museos compilados. Segundo, a dirección do sitio na web, para aqueles centros dos que dispoñan del. En terceiro lugar, a referencia na web. En canto á presenza dos museos na web é pertinente establecer unha distinción entre *sitio* e *referencia*. O *sitio web* normalmente está sostido pola propia institución e componse de diferentes páxinas ás que se accede mediante enlaces del hipertexto. As *referencias*, pola súa banda, habitualmente non están configuradas máis que por unha soa páxina e nalgún caso limitáanse a unha simple alusión á existencia dos museos.

Cuarto, o enderezo de correo electrónico. Na meirande parte dos casos aparece o da propia institución, pero pode darse a circunstancia de que non se teña localizado; cando así ocorreu, optouse por consignar o da persoa ou entidade de contacto.

Quinto, o enderezo postal e o emprazamento xeográfico que, normalmente, son coincidentes. Sexto, a descrición do museo. Preténdese proporcionar unha información resumida acerca das características de cada museo atendendo aos datos textuais, gráficos e iconográficos; ás actividades que desenvolve e ao tipo de museo de que se trata. Sétimo, a cualificación da información iconográfica, que comprende tanto imaxes estáticas como móbiles. Oitavo, a cualificación da información textual escrita. Noveno, a presenza de ilustracións que identifican a institución. O 80% das fichas ten incorporadas imaxes ilustrativas ou de identificación dos organismos compilados, as cales foron extraídas dos fondos atopados en Internet.

E por último, a valoración global do museo. Esta refírese á avaliación do mesmo en comparación coas restantes entidades afíns, tomando en consideración os seguintes indicadores: a información iconográfica e textual; prestacións tales como visitas virtuais, animacións multimedia, descarga de documentos, referencias a outros *links*, presentación atractiva do fondo do museo, posibilidade de realizar buscas dentro do propio sitio ou noutros sitios, funcións interactivas que habilita, exposicións de material didáctico, tematizacións específicas, mostras monográficas temporais; se conta con biblioteca, hemeroteca especializada, arquivo, persoal de investigación, laboratorios e talleres de restauración, programa de visitas guiadas,

plan de publicacións, entre outras ofertas que o sitio poida brindar.

O compendio de museos pon en evidencia que case todos pertencen ao modelo “museo da escola”. Este consiste basicamente nunha entidade situada nun edificio, que antes albergou unha escola, e que na actualidade foi transformado nun museo onde se custodia e expón —en forma estática ou cunha finalidade exclusivamente contemplativa— a moblaxe, os útiles didácticos e a bibliografía con que algunha vez se ditaron as clases. A maioría destes museos inclúe a reconstrución dunha aula de época e ás veces lévase a cabo neles a representación dunha clase tal como era impartida noutrora.

Se pasamos a estudar desde un punto de vista tipolóxico estes centros, observamos que dentro da categoría “museo da educación” encóntrase unha ampla variedade de modelos, tales como: *museo da escola*, *museo pedagóxico*, *museo da educación*, *museo de historia da educación*, *centro de memoria educativa*, *sección escolar dun complexo museístico*, entre outros. Esta clasificación figura consignada no seu respectivo cadro no estudo introdutorio da obra que nos ocupa.

Finalmente, da análise dos museos escrutados, os autores conclúen que malia o incremento e o auxe que nas últimas décadas experimentaron os museos da educación, conxuntamente co avance das tecnoloxías da información e a comunicación, obsérvase un escaso aproveitamento do potencial que estas tecnoloxías ofrecen para a explotación virtual dos contidos destes establecementos. Así por exemplo, comprobamos que son moi poucos os centros que presentan recursos interactivos didácticos e de formación no seu sitio. Polo xeral, o visitante internauta mantense

nunha situación de espectador pasivo, meramente receptivo, sen posibilidade de establecer una comunicación fluída co espazo visitado a través da rede. Do anterior infírese que aínda predomina un modelo museístico tradicional que se patentiza ademais na ausencia de redes virtuais de interconexión dos museos educativos en Internet.

Sen embargo, e pese a estas restricións, é necesario resaltar que, mesmo sendo poucas, algunhas institucións ofrecen prestacións diferentes, tales como por exemplo a edición ampliada ou máis próxima ao usuario de certos obxectos ou dependencias, a edición de sons e música, a visualización de vídeos, as animacións, os efectos de tridimensionalidade das visitas, a descarga de documentos, libros e bases de datos en distintos formatos, e ocasionalmente o acceso á información do propio sitio a través de diferentes idiomas.

En resumidas contas, a análise deste excelente catálogo pon de manifesto o incremento continuo dos museos educativos na rede. Como resultado do minucioso relevamento realizado, resáltanse as características máis sobranceiras dos mesmos e bríndase un panorama actualizado que, sen lugar a dúbidas, representa un aporte significativo no concerto das investigacións actuais.

Adriana DE MIGUEL

Docente e investigadora en Historia da Lectura e a Escritura Escolar en Argentina.

Facultade de Ciencias da Educación da Universidade Nacional de Entre Ríos. República Argentina

NÓVOA, Antónío, *E vid ente mente. Histórias da Educação*. Porto, Edições ASA, 2005.

O compañeiro e amigo Antónío Nóvoa, profesor da Universidade de Lisboa, ven de nos ofrecer outro libro, que se une aos moitos que xa ten publicado sobre temáticas ben diversas: os profesores e as escolas, o pensamento pedagóxico e as prácticas escolares, os sistemas educativos e as súas reformas, as innovacións pedagóxicas, as fontes e a bibliografía, a historiografía, a epistemoloxía, a metodoloxía... Trátase, sen dúbida, dun dos historiadores da educación cunha obra máis prolífica, densa e novidosa. Cando penso en Antónío véñeme á cabeza outro Antonio, neste caso español, e xa que logo sen acento, Antonio Viñao Frago. Dos dous aprendín moitas cousas, e recoñezo o seu maxisterio na miña forma de entender a historia da educación. Sen esquecerme, claro está, do meu mestre inicial, Herminio Barreiro, xa emérito, nin doutros mestres posteriores, como Agustín Escolano ou Julio Ruiz Berrio, entre outros.

Pois ben, nesta ocasión o Nóvoa advírtenos que o primeiro motivo do libro foi servir de "enredo" ao CD-ROM *A educação portuguesa. Corpus documental (séc. XIX-XX)*, a confección do cal correspondeu fundamentalmente, segundo el mesmo nos di, a Filomena Bandeira: "*O CD-ROM é fruto da súa persistencia e da súa determinación*". Este CD contén catro obras, algunhas das cales xa foran publicadas:

1) *Repertório da Imprensa de Educação e Ensino*, publicada polo Ministerio de Educación en 1993. Contén 530 fichas analíticas de xornais dos séculos XIX e XX, en concreto entre 1818 e 1989. Seleccionáronse os que prestan

unha maior atención aos problemas educativos e instructivos.

2) *Dicionário de Educadores Portugueses*, publicado por ASA en 2005. Reproduce a biografía de 900 homes e mulleres que pensaron e traballaron na escola e no mundo da educación durante os dous últimos séculos.

3) *Catálogo da Imprensa da Educação e Ensino*, base de datos que nos achega case 2.300 rexistros de xornais publicados entre 1800 e 1989. Trátase de xornais pedagóxicos e escolares, mais tamén promovidos por entidades relacionadas co eido da educación.

4) *Bibliografía Portuguesa da Educação*, base de datos que contén perto de 5.000 referencias de monografías e artigos aparecidos en revistas científicas e actas de congresos desde 1800 até 1974. Os seus autores son, nos máis dos casos, os referenciados no *Dicionário*.

Estamos, xa que logo, diante dunha obra que posúe unha importante entidade e reflicte un gran esforzo colectivo. Unha obra da que, por certo, carece a historiografía educativa española, e non será porque non teña utilidade.

Pero o libro *Histórias da Educação*, ademais de servir de soporte ao CD, fórnecenos, logo dunha introducción, 50 ilustracións e outros tantos textos, cada unha e cada un dos cales ocupa unha páxina, formando así o que o autor denomina, seguindo a W. J. T. Mitchell, sucesivas *imagetexto*.

Nas imaxes aparecen nenos e nenas, profesoras e profesores escolas e liceos, reformatorios e clases de adultos, moblaxe e material didáctico, fórmulas organizativas e instructivas, batallóns e colonias escola-

res, laboratorios e obradoiros, diplomas e rexistros escolares, festas da árbore e inspeccións médicas e, para rematar, unha sala de computadores. “Optou-se, sempre que possível, pela gravura ou pela fotografia a preto-e-branco e por retratos ‘limpos’, sem excesso de conotações ou de denotações”. Imaxes de “procurada simplicidade” e abertas a múltiples lecturas.

Os textos tratan temáticas diversas e abranguen tempos históricos de duración variable. Cada un deles é susceptible dunha lectura autónoma, e no seu conxunto fórnecenos unha suxerente visión dalgúns dos principais problemas pedagóxicos e escolares da contemporaneidade. Uns problemas que teñen moito de local — o “atraso” de Portugal está no transfondo dunha boa parte da literatura pedagóxica producida no país veciño—, mais tamén moito de global, cando menos se nos cinguimos ao noso universo cultural máis próximo.

Son textos necesariamente sintéticos que pretenden convidar a pensar sobre a educación. Pero detrás da apurada síntese agáchase —ou evidénciase?—, nos máis dos apuntes ofrecidos, unha demorada análise e unha notable sabedoría: a transición do Antigo Réxime ao liberalismo, os métodos e modos de ensino, as reformas incesantes, a formación do profesorado, o pensamento pedagóxico e as súas propostas innovadoras, a evolución da escolarización e da alfabetización...

Estes textos tratan de convidar a pensar alén do evidente: “*Tudo são evidências nos textos e nos debates, nas políticas e nas reformas educativas. Ninguém tem dúvidas. Todos têm certezas. Definitivas. Evidências do senso comum. Falsas evidências. Continuamente desmentidas.*”

Continuamente repetidas". Mais "o que é evidente, mente. Evidentemente".

Non é evidente, por exemplo, que a institución escolar estea en condicións de se facer cargo de todos os requirimentos que lle fai a sociedade, que se foron amoreando consonte avanzaba a contemporaneidade. Cando xorde un determinado problema, a sociedade volve a súa ollada cara a escola e encoméndlle a súa solución. "Mas a escola não pode tudo. E, por isso, parece-me imprescindível que ela se reencontre como organização centrada na aprendizagem, partilhando com outras instâncias um trabalho educativo mais amplo".

Os meus parabéns a António Nóvoa, ao conxunto dos autores e autoras que fixeron posible a obra e, en xeral, á historiografía educativa portuguesa por este útil traballo, de correcta escritura e excelente factura.

Narciso DE GABRIEL

PORTO UCHA. Angel Serafín, *La institución Libre de Enseñanza y la renovación pedagógica en Galicia (1876-1936)*. Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 2005. 424 pp.

Cuentan de aquella mujer que un día se levantó cuando en el reloj aún no habían dado las cinco de la mañana, separó varias cuartillas del montón que tenía en la mesa camilla donde se sentaba a zurcir calcetines o a leer complejos estudios lingüísticos y lexicográficos, las dobló cuidadosamente y las partió en cuatro trozos. Entonces tomó su pluma y comenzó a elaborar, sin darse ninguna importancia, unas fichas con el significado de algunas palabras. Ya había redactado cinco cuando salió de casa para acudir a su lugar de trabajo en la biblioteca de la Escuela de Ingenieros

Industriales de Madrid donde había llegado como consecuencia del expediente de depuración que sufrió tras la guerra civil. Allí casi todos los estudiantes y los profesores la llamaban "la roja". Así eran los tiempos. A ella le tenía sin cuidado. Durante la II República había fundado junto a su marido, y a otros padres preocupados por la educación, la Escuela Cossío de Valencia y dirigió con entusiasmo las Bibliotecas Circulantes del Patronato de Misiones Pedagógicas.

A finales de los años setenta un maestro cargado de inquietudes intelectuales terminaba sus estudios de licenciatura en Ciencias de la Educación. Deslumbrado por los principios pedagógicos y metodológicos de la Institución Libre de Enseñanza, indignado por el país que no pudo ser, por la educación que no pudimos disfrutar, decidió que iba a estudiar las repercusiones de la Institución Libre de Enseñanza, el movimiento de renovación pedagógica más fecundo que haya conocido nuestro país y que concretaría su estudio en Galicia, la tierra por la que trabajaba. Quería recuperar ese patrimonio pedagógico y moral que había permanecido sepultado en el olvido durante décadas. Y una mañana anotó con su cuidada caligrafía los primeros datos que descubrió en la prensa profesional de la época, en los archivos de Madrid y de Galicia, en las hemerotecas, en todos los libros que hacían alusión a este tema, en los epistolarios, en las memorias, en las actas, en la Gaceta. Lo quiso saber todo. Por eso buscó fuentes orales, rastreó en las aldeas las huellas de las Misiones Pedagógicas, revisó los expedientes de depuración del magisterio gallego. Trabajaba sin tiempo, sin límite, costara lo que costara.

He pensado muchas veces que en España la contemporaneidad en educación empezó en 1876 cuando Francisco Giner de los Ríos y sus amigos fundaron la Institución Libre de Enseñanza, un movimiento que explica la historia de la educación española del siglo XX. Sólo atendiendo al trabajo que realizaron aquellos hombres y mujeres, a la influencia que ejercieron en la esfera oficial y a las iniciativas que impulsaron en distintos puntos del Estado puede entenderse la modernización que sacudió la educación durante las tres primeras décadas del siglo XX, la transformación de la escuela, la renovación metodológica, la nueva concepción de los edificios escolares, la incorporación de nuevos materiales o la inclusión en los currícula de algunos contenidos. Pero sobre todo, la influencia de la Institución Libre de Enseñanza se aprecia de manera evidente en la transformación del sentido mismo de la educación, en la manera de entender los objetivos de la institución escolar o en la importancia que se otorga a la cultura en la vida de los pueblos. Luego uno de los principales objetivos del régimen impuesto por el general Franco tras la guerra civil fue la represión, la aniquilación de todo vestigio de aquella obra. Después, durante la Transición se sucedieron los intentos de recuperar, de rescatar del olvido los valores sepultados durante *a longa noite da pedra*.

No creo que al considerar la importancia de la Institución Libre de Enseñanza en el panorama educativo español lo principal fuera el componente técnico-pedagógico: los principios didácticos o las innovaciones metodológicas. Lo esencial es, sin ningún género de duda, el proyecto emancipatorio que la pedagogía de la Institución Libre de Enseñanza encerraba. La libertad, el laicismo, la educación entendida como un dere-

cho irrenunciable de todos, el respeto a la conciencia del maestro y del niño... Valores, en definitiva, que es necesario continuar reclamando y defendiendo.

Aquella mujer que un día comenzó a redactar unas fichas con el significado de las palabras tardó quince años en terminar su trabajo. Se llamaba María Moliner y cuando en 1966 publicó la primera edición de su monumental *Diccionario de uso del español* en dos tomos escribió en la introducción un párrafo que a pesar de su extensión me voy a permitir reproducir aquí porque concreta la generosidad, el rigor intelectual, el cuidado con el que quiso hacer su obra:

“Por fin, he aquí una confesión: La autora siente la necesidad de declarar que ha trabajado honradamente; que, conscientemente, no ha descuidado nada; que, incluso en los detalles nimios en los cuales, sin menoscabo aparente, se podía haber cortado por lo sano, ha dedicado a resolver la dificultad que presentaban un esfuerzo y un tiempo desproporcionados con su interés, por obediencia al imperativo irresistible de la escrupulosidad; y que, en fin, esta obra, a la que, por su ambición, dadas su novedad y complejidad, le está negada como a la que más la perfección, se aproxima a ella tanto como las fuerzas de su autora lo han permitido”.

Mientras redacto este breve comentario tengo sobre la mesa dos libros del profesor Porto Ucha. Ambos están dedicados a la Institución Libre de Enseñanza. El primero vio la luz en 1985, producto de su espléndida tesis doctoral, en las prensas de Edición do Castro, y el segundo, en la misma editorial, en la primavera del 2005. Han pasado veinticinco años desde que Anxo S. Porto Ucha decidió estudiar sin prisa, demoradamente, como se trabaja

cuando se cree en lo que se hace, la Institución Libre de Enseñanza y sus fructíferas relaciones con Galicia. Quizá por la legitimidad que da el tiempo, por el trabajo paciente y generoso, por el cuidado en la elaboración de estas dos obras y por la humildad intelectual que siempre podemos

encontrar detrás de los grandes proyectos, estos dos libros que tengo sobre la mesa me han recordado el trabajo de aquella mujer aragonesa llamada María Moliner.

Víctor M. JUAN BORROY